

“PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN RECOÑECEMENTO E ACREDITACIÓN DE COMPETENCIAS PROFESIONAIS” (ARA)



Publicada a Orde do 4 de xuño de 2021 pola que se regula, no ámbito do sistema educativo da Comunidade Autónoma de Galicia, o proceso de acreditación de competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral para unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais (código de procedemento ED517B).

NOVIDADES:

- Esténdese o proceso a todo o ano (estará aberto de forma permanente) e a todas as familias profesionais.
- Desaparece o límite de prazas, polo que as persoas interesadas poden realizar tantas solicitudes como consideren, sempre que non soliciten acreditar unha unidade na que estea xa en proceso de avaliación para ese cidadán
- No CIFP Manuel Antonio poderán acreditarse unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais que conforman os módulos dos ciclos de FP das familias profesionais que se imparten no centro:

Hostalaría e Turismo

Industrias Alimentarias

Química

Sanidade

Seguridade e medio ambiente

Téxtil, Confección e Pel

A solicitude de participación no procedemento deberá presentarse por vía electrónica cubrindo previamente os datos no sistema de información <https://www.edu.xunta.gal/acreditacion> desde onde deberá xerarse o formulario normalizado que se presentará necesariamente na [sede electrónica da Xunta de Galicia](#).

O prazo máximo para resolver será de seis meses desde que a solicitude teña entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia.

Máis información:

- [Orde do 4 de xuño de 2021](#)
- <https://www.edu.xunta.gal/fp/acredita>